



## O Consello da Cultura Galega lembra a Concepción Arenal no cárcere da Lama

**Fixeron o pasado venres un coloquio no que participaron 230 internos**

**Santiago.** O pasado venres cumpríronse douscentos anos do nacemento de Concepción Arenal. Unha efeméride que o Consello da Cultura Galega (CCG) celebrou no cárcere da Lama coa proxección do filme de ficción *Concepción Arenal, a visitadora de cárceres* e un coloquio no que participaron un total de 230 internos e internas.

“Iniciamos os actos de homenaxe visitando o cárcere e traendo connos-

co a Concepción Arenal, como cremos que a ela lle agradaría” asegurou a presidenta do CCG, Rosario Álvarez, na presentación da actividade.

Canda ela estaba a directora do Centro Penitenciario, Teresa Delgado, que agradeceu a iniciativa e aproveitou para destacar que “foi unha figura importante e moitos dos avances do sistema penitenciario se deben ao seu legado”. María Xosé Porteiro, vogal do CCG e coordinadora do Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos do CCG, destacou o valor desta iniciativa. **ALEJANDRA MÁRQUEZ**